

ASUNTO: CONVOCATORIA SESIÓN DO PLENO EXTRAORDINARIO PARA O
DÍA 17 DE XULLO DE 2026

EXPEDIENTE: 2344/2026

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. O concello de A Pobra do Caramiñal ten diversos asuntos que tratar en sesión do Pleno tendo en conta os distintos expedientes concluídos e as mocións presentadas para ser sometidos á consideración do Pleno da Corporación.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable vén establecida por:

- Os artigos 21.1.c), 21.3 e 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Os artigos 77 a 90 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.
- Os artigos 15 a 18 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. De conformidade cos artigos 21.1.c) da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e 80.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, corresponde ao Alcalde ou Presidente convocar todas as sesións do Pleno.

SEGUNDA. É necesario sinalar que, de conformidade co artigo 46.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, as sesións deberán convocarse, polo menos, con dous días hábiles de antelación á data da súa celebración.

A orde do día defínese como a relación detallada dos asuntos a tratar durante as sesións. Devanditos asuntos deben ser previamente ditaminados, informados ou sometidos a consulta da Comisión Informativa que corresponda. Así mesmo, na orde do día dunha sesión ordinaria deberá incluírse os borradores das Actas das sesións anteriores que deban ser aprobados.

De acordo co previsto nos artigos 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o 44 do Regulamento orgánico municipal **RESOLVO:**

DECRETO
Número: 2026-0732 Data: 14/07/2026

Cod. Validación: K7WPY45YEGGSKCLNNDSON4NP6
Corrección: <https://apobra.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



PRIMEIRO. Convocar sesión EXTRAORDINARIA do **PLENO** para:

Día: 17/07/2026

Hora: 12:00 h

Lugar: Salón de plenos da Casa do Concello.

Seguinte orde do día:

ÚNICO.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2026.

SEGUNDO. Facer pública a presente resolución mediante a inserción da mesma no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no portal de transparencia sede.A Pobra do Caramiñal.gal, dar traslado da mesma á Intervención Municipal e dar conta á Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

TERCEIRO. Notificar a presente resolución a todas as persoas membros do Pleno poñendo á súa disposición todos os asuntos incluídos na orde do día na Secretaría municipal de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado.

Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.

O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

CUARTO. Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se realice en cumprimento do disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Na Pobra do Caramiñal, na data da sinatura dixital,

O alcalde,
acumulación

O secretario en réxime de

DECRETO
Número: 2026-0732 Data: 14/07/2026

Cod. Validación: K7WPY45YEGGSKCLNNDSON4NP6
Corrección: <https://apobra.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



José Carlos Vidal Suárez

Ignacio Muñoz Pacín

DECRETO

Número: 2026-0732 Data: 14/07/2026

Cod. Validación: K7WPY45YEGGSKCLNNDSON4NP6
Corrección: <https://apobra.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

